

Referencia:	2022/12370G
Procedemento:	Expedientes de aprobación do Orzamento Xeral da DPO. Exercicio 2023
INTERVENCIÓN (5924)	

INFORME

Área de Intervención

Ref. exp.: 2022/12370G

Asunto: Informe económico-financieiro en relación co proxecto do Orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023

Mónica Legaspi Díaz, interventora xeral da Deputación Provincial de Ourense, en virtude das facultades recollidas no artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e ao amparo do disposto no artigo 168.1 e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en diante), así como no artigo 18.1 e) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (RD 500/1990 en diante), emite o seguinte:

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO

1. Da normativa aplicable

A normativa aplicable esta constituída basicamente pola lexislación seguinte:

- RD 128/2018.
- TRLRFL.
- RD 500/1990.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, en diante).

- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF en diante).

2. Do Orzamento Xeral da entidade

Segundo a definición recollida no artigo 162 do TRLRFL, os orzamentos xerais das Entidades Locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.

Así, de conformidade co artigo 164 do dito texto legal, as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento xeral no que se integrarán o orzamento da propia entidade e os dos organismos autónomos dependentes desta, así como os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade.

En relación co procedemento de elaboración do orzamento, este será formado polo presidente da entidade e a el haberá de unirse a documentación á que fai mención o artigo 168 do TRLRFL, entre a cal se encontra o informe económico-financieiro.

3. Do informe económico-financieiro

Tal e como se anticipou no punto anterior, o artigo 168.1 g) do TRLRFL recolle a necesidade de unir ao expediente orzamentario un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e dos gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Deste modo, co fin de cumprir a dita previsión legal, emítese por esta Intervención o presente informe económico-financieiro en relación co proxecto do Orzamento da entidade para o exercicio 2023, comprensivo da análise dos puntos seguintes:

a. Contía global do Orzamento

O **importe do orzamento para o exercicio 2023**, tanto do estado de gastos, como do estado de ingresos, ascende á cantidade total de **90.970.000,00 €**, o que supón un incremento de 5.270.000,00 € en termos absolutos, e do 6,15% en termos relativos, respecto do orzamento do exercicio anterior, debido principalmente a un incremento dos recursos previstos procedentes da participación da entidade nos tributos do Estado, así como un incremento previsto no gasto corrente, motivado basicamente este último pola alza dos prezos das subministracións e da previsible suba nas retribucións dos empregados públicos, segundo se recolle na táboa seguinte:

Orzamento 2023	Orzamento 2022	Variación €	Variación %
90.970.000,00 €	85.700.000,00 €	5.270.000,00 €	+6,15%

Así pois, o orzamento da entidade presenta inicialmente unha situación de equilibrio entre o estado de ingresos e o estado de gastos.


b. Bases empregadas para a avaliación dos ingresos

O **estado de ingresos** ascende a un importe global de **90.970.000,00 €**, o que supón un incremento de 5.270.000,00 € en termos absolutos e do 6,15% en termos relativos, respecto do estado de ingresos do exercicio anterior, debido principalmente, como xa se comentou no apartado anterior, á previsión da obtención de maiores recursos procedentes da participación nos tributos do Estado, tanto na cesión de tributos, como na participación da entidade no Fondo Complementario de Financiamento.

O dito estado de ingresos distribúese nos capítulos seguintes:

Capítulo	Exercicio 2023	Exercicio 2022	Variación €	Variación %
I. Impostos directos	5.000.000,00 €	4.550.000,00 €	450.000,00 €	+9,89%
II. Impostos indirectos	4.532.000,00 €	4.290.000,00 €	242.000,00 €	+5,64%
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.993.379,48 €	4.908.553,78 €	84.825,70 €	+1,73%
IV. Transferencias correntes	75.720.184,67 €	71.063.504,64 €	4.656.680,03 €	+6,55%
V. Ingresos patrimoniais	165.212,00 €	99.012,00 €	66.200,00 €	+66,86%
VI. Alleamento de investimentos reais	21.000,00 €	21.000,00 €	0,00 €	0,00%
VII. Transferencias de capital	238.223,85 €	467.929,58 €	-229.705,73 €	-49,09%
VIII. Activos financeiros	300.000,00 €	300.000,00 €	0,00 €	0,00%
IX. Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%
Totais	90.970.000,00 €	85.700.000,00 €	5.270.000,00 €	+6,15 %

ESTADO DE INGRESOS



Deseguido analízanse os aspectos máis destacables en relación coa avaliación dos distintos capítulos do estado de ingresos:

▪ Capítulo I. Impuestos directos

O capítulo I recolle os recursos previstos procedentes da recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas (subconcepto 17100), así como da inspección desta (subconcepto 17101), e da cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas (subconcepto 10000).

En relación coa recarga sobre o IAE, esta prevese cun maior importe que no exercicio 2022, ascendendo no exercicio 2023 a 2.450.000,00 €, o que supón unha variación do 16,67% respecto do exercicio anterior.

Así mesmo, prevese un incremento da cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas, ascendendo esta no exercicio 2023 a 2.500.000,00 €, o que supón unha variación do 4,17% respecto do exercicio anterior.

Ambos incrementos veñen motivados pola execución destes ingresos no último exercicio liquidado.

Así, tal e como se amosaba na táboa anterior, **o capítulo I do estado de ingresos ascende a un importe de 5.000.0000 €, o que representa unha porcentaxe do 5,50% sobre o total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo II. Impostos indirectos**

O capítulo II engloba unicamente as cesións do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais do Estado sobre o alcohol e bebidas derivadas, a cervexa, as labores do tabaco, os hidrocarburos e os produtos intermedios (conceptos 210 e 220).

O importe total previsto no exercicio 2023 nos conceptos do capítulo II ascende a 4.532.000,00 €, o que supón un incremento do 5,64% dos recursos previstos neste capítulo respecto do exercicio anterior, incremento baseado na execución destes ingresos no último exercicio liquidado, seguindo o mesmo criterio que no capítulo I, **representando deste xeito unha porcentaxe do 4,98% sobre o total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos**

O **capítulo III** do estado de ingresos recolle os recursos previstos procedentes das distintas taxas, prezos públicos e outros ingresos a liquidar durante o exercicio (artigos 30, 32, 33, 34, 36, 38 e 39), **ascendendo o seu importe á cantidade de 4.993.379,48 €, o que supón un incremento do 1,73% respecto do exercicio anterior, incremento baseado novamente na execución destes ingresos no último exercicio liquidado, representando o 5,49% sobre o total dos ingresos previstos.**

▪ **Capítulo IV. Transferencias correntes**

O **capítulo IV** do estado de ingresos recolle as transferencias correntes procedentes do Estado, da Comunidade Autónoma, das Entidades Locais e das Mancomunidades (artigos 42, 45 e 46).

O importe total previsto neste capítulo ascende a 75.720.184,67 €, o que representa un 83,24% con respecto ao importe total dos ingresos, supoñendo, con moita diferenza, a principal vía de recursos da entidade, e destacando entre estes a participación no Fondo Complementario de Financiamento (subconcepto 42010).

Así, o importe previsto supón un incremento do 6,55%, respecto do exercicio anterior, o cal vén motivado maiormente polo importe das entregas a conta realizadas por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas durante o presente exercicio en relación co citado fondo.

Non obstante, as entregas a conta superan con creces o importe previsto no orzamento pola participación da entidade no Fondo Complementario de Financiamento, consignado inicialmente cun importe de 65.800.000,00 €, xa que as entregas a conta ingresadas no presente exercicio acadan un importe mensual de 6.500.000,00 € e cuxa proxección anual alcanzaría un importe de 78.000.000,00 €.

Esta previsión á baixa dos recursos procedentes da participación no Fondo Complementario de Financiamento no vindeiro exercicio vén motivada, tanto pola liquidación negativa obtida en relación coas entregas realizadas durante o exercicio 2020, recentemente comunicada polo Ministerio, como polo actual contexto económico, político e social, que dota de maior incerteza ao ámbito orzamentario.

▪ **Capítulo V. Ingresos patrimoniais**

O **capítulo V** recolle os recursos previstos procedentes tanto das distintas concesións administrativas da entidade, como dos xuros de depósitos e dos dividendos pola participación en sociedades mercantís e entidades non dependentes (artigos 52, 53 e 55), **ascendendo o importe total previsto a 165.212,00 €**, o que supón un incremento do 66,86% respecto do exercicio anterior; **se ben, tan só representa un 0,18% con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

O dito incremento vén motivado basicamente pola suba actual dos tipos de xuros promovida polo Banco Central Europeo, así como polos datos de execución dos ingresos por dividendos que se desprenden do último exercicio liquidado.

▪ **Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais**

O **capítulo VI** recolle os produtos previstos pola venda de soares, maquinaria e vehículos (subconceptos 60000, 61300 e 61400), permanecendo inalterable en relación co importe previsto inicialmente no orzamento do exercicio 2022, o cal **ascende a 21.000,00 €, representando o 0,02% con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

▪ **Capítulo VII. Transferencias de capital**

O **capítulo VII** recolle as transferencias de capital previstas procedentes da Comunidade Autónoma, das Entidades Locais e da Unión Europea (artigos 75, 76 e 79), **ascendendo o seu importe a 238.223,85 €**, o que supón o **0,26% con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

O dito importe supón unha diminución do 49,09% respecto ao exercicio anterior, a cal vén motivada basicamente na non previsión de obtención de transferencias de capital procedentes do Estado.

- **Capítulo VIII. Activos financeiros**

O **capítulo VIII** tan só recolle os ingresos procedentes do reintegro de anticipos concedidos ao persoal (subconcepto 83100), permanecendo inalterable en relación co importe previsto inicialmente no orzamento do exercicio 2022, o cal **ascende a 300.000,00 €, representando o 0,33% con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo IX. Pasivos financeiros**

O **capítulo IX non ten previsión inicial**, ao igual que no exercicio anterior, xa que non se prevé a obtención de recursos procedentes de pasivos financeiros.

c. Suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles


O **estado de gastos** ascende a un importe global de **90.970.000,00 €**, o que supón un incremento de 5.270.000,00 € en termos absolutos e do 6,15% en termos relativos, respecto do estado de gastos do exercicio anterior, debido principalmente, como xa se comentou no primeiro apartado, á alza dos prezos das subministracións e da previsible suba nas retribucións dos empregados públicos.

O importe consignado nos distintos capítulos do estado de gastos vén motivado tanto polas necesidades orzamentarias das distintas áreas e programas da entidade, como pola análise da execución dos últimos orzamentos, resultando suficiente para atender o cumprimento das obrigas que resulten esixibles.

O dito estado de gastos distribúese nos capítulos seguintes:

Capítulo	Exercicio 2023	Exercicio 2022	Variación €	Variación %
I. Gastos de persoal	35.291.531,98 €	33.602.495,94 €	1.689.036,04 €	+5,03%
II. Gastos correntes en bens e servizos	23.010.727,34 €	20.820.013,93 €	2.190.713,41 €	+10,52%
III. Gastos financeiros	329.750,00 €	299.996,73 €	29.753,27 €	+9,92%
IV. Transferencias correntes	14.084.262,03 €	13.534.576,44 €	549.685,59 €	+4,06%
V. Fondo de continxencia	300.000,00 €	300.000,00 €	0,00 €	0,00%
VI. Investimentos reais	11.622.137,61 €	10.628.562,64 €	993.574,97 €	+9,35%
VII. Transferencias de capital	5.329.390,64 €	5.512.153,92 €	-182.763,28 €	-3,32%
VIII. Activos financeiros	300.000,00 €	300.000,00 €	0,00 €	0,00%
IX. Pasivos financeiros	702.200,40 €	702.200,40 €	0,00 €	0,00%
Totais	90.970.000,00 €	85.700.000,00 €	5.270.000,00 €	+6,15%

ESTADO DE GASTOS



Do mesmo xeito que respecto ao estado de ingresos, analízanse deseguido os aspectos máis destacables en relación cos distintos capítulos do estado de gastos:

- **Capítulo I. Gastos de persoal**

O **capítulo I** do estado de gastos recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas relativas aos gastos de persoal da entidade, prevéndose un incremento das retribucións dos empregados públicos do 3%, sen prexuízo da súa confirmación na Lei de Orzamentos do Estado para o exercicio 2023.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 35.291.531,98 €, o que representa un 38,79% con respecto ao importe total dos gastos.

Deste xeito, o importe consignado supón un incremento do 5,03%, respecto do exercicio anterior, o cal vén motivado basicamente, tanto pola suba das retribucións xa comentada, como polo incremento das retribucións básicas en concepto de trienios dos empregados da entidade.

▪ **Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos**

O **capítulo II** do estado de gastos recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas relativas aos gastos correntes en bens e servizos necesarios para o funcionamento da entidade, así como para facer fronte ás indemnizacións por razón de servizo a favor do persoal, así como dos deputados e deputadas sen dedicación pola súa asistencia aos órganos corporativos.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 23.010.727,34 €, o que representa un 25,29% con respecto ao importe total dos gastos.

Así pois, o importe consignado supón un incremento do 10,52%, respecto do exercicio anterior, sendo o capítulo II o capítulo de gastos que sofre un maior incremento porcentual, o cal vén motivado pola suba actual dos prezos das subministracións e pola volatilidade dos prezos da enerxía.

▪ **Capítulo III. Gastos financeiros**

O **capítulo III** do estado de gastos recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas relativas aos gastos financeiros da entidade, os cales engloban os xuros do único préstamo vivo da entidade, os xuros relativos aos avais e fianzas, así como as comisións bancarias e similares.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 329.750,00 €, o que representa un 0,36% con respecto ao importe total dos gastos.

O importe consignado supón un incremento do 9,92%, respecto do exercicio anterior, o cal vén motivado pola tendencia alcista dos tipos de xuros promovida polo Banco Central Europeo.

▪ **Capítulo IV. Transferencias correntes**

O capítulo IV recolle as consignacións necesarias para facer fronte as obrigas derivadas da actividade subvencional da entidade en materia de gasto corrente.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 14.084.262,03 €, o que representa un 15,48% con respecto ao importe total dos gastos.

Deste xeito, o importe consignado supón un incremento do 4,06%, respecto do exercicio anterior.

▪ **Capítulo V. Fondo de continxencia**

O Capítulo V recolle a consignación do Fondo de Continxencia, destinado á atención de necesidades imprevistas, inaprazables e non discrecionais, para as que non exista crédito orzamentario ou o previsto resulte insuficiente, cumprindo así a obriga legal introducida polo artigo 31 da LOEPSF.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 300.000,00 €, o que representa un 0,33% con respecto ao importe total dos gastos, importe que non sofre variación en relación co Orzamento do exercicio anterior.

▪ **Capítulo VI. Investimentos reais**

O capítulo IV recolle as consignacións necesarias para facer fronte as obrigas derivadas dos investimentos que se prevén realizar pola entidade.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 11.622.137,61 €, o que representa un 12,78% con respecto ao importe total dos gastos.

Deste xeito, o importe consignado supón un incremento do 9,35%, respecto do exercicio anterior, o que supón intensificar o esforzo inversor da entidade.

▪ **Capítulo VII. Transferencias de capital**

O capítulo VII recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas derivadas da actividade subvencional da entidade en materia de gastos de capital, destacando a cooperación cos concellos.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 5.329.390,64 €, o que representa un 5,86% con respecto ao importe total dos gastos.

Deste xeito, o importe consignado supón unha variación do -3,32%, respecto do exercicio anterior.

▪ **Capítulo VIII. Activos financeiros**

O Capítulo VIII recolle a consignación necesaria para facer fronte ás obrigas derivadas dos anticipos concedidos ao persoal.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 300.000,00 €, o que representa un 0,33% con respecto ao importe total dos gastos, importe que non sofre variación en relación co Orzamento do exercicio anterior.

▪ **Capítulo IX. Pasivos financeiros**

O Capítulo IX recolle a consignación necesaria para facer fronte á anualidade do único préstamo vivo da entidade.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 702.200,40 €, o que representa un 0,77% con respecto ao importe total dos gastos, importe que non sofre variación en relación co Orzamento do exercicio anterior.

CONCLUSIÓN

O proxecto do Orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023 contén os créditos para gastos suficientes para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e dos gastos de funcionamento dos servizos, os cales serán financiados coas previsións incluídas no estado de ingresos, cumprindo deste xeito, non só co principio de equilibrio orzamentario, senón co resto dos principios derivados da aplicación da LOEPSF, contribuindo deste xeito a manter á entidade na senda da estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira.

Ourense, na data da sinatura electrónica

A interventora xeral

Mónica Legaspi Díaz